

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MONDARIZ-BALNEARIO**

##### **Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN FOGARES E RESIDENCIA DE ANCIÁNS, GARDERÍAS INFANTÍS, ALBERGUES E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA*

##### *ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

*Acordo do Pleno do Concello de Mondariz Balneario polo que se aproba definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por asistencia e estancia en fogares e residencia de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga, en concreto o Anexo referido á Taxa pola prestación do servizo de gardería infantil.*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por asistencia e estancia en fogares e residencia de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga, en concreto o Anexo referido á Taxa pola prestación do servizo de gardería infantil, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por asistencia e estancia en fogares e residencia de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga, en concreto o Anexo referido á Taxa pola prestación do servizo de gardería infantil, sendo o seu texto orixinal a seguinte:

##### *“ANEXO*

##### *TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL*

###### *A) PAGAMENTO*

1.- O pagamento das cotas, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

No caso de que ingreso se produza con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

2.- A falta de asistencia da crianza non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3.- O pago realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo ao formalizar a matrícula.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternativas orixinará a perda do dereito á praza.

### *B) BASE DE CÁLCULO*

Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultado de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para os efectos da presente regulación, enténdese por unidade familiar a formada polos proxenitores e:

i. Os/as fillos/as menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos/das pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

Para os efectos da presente regulación, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

### *C) COTAS POR ASISTENCIA:*

#### *1.- Prezo atención educativa:*

O prezo pola atención educativa en xornada completa na gardería municipal fíxase en 160,50 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse sas reducións que se especifican no número 3 desde anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reduciranse no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

## 2.- Horario ampliado:

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito e ningunha redución.

## 3.- Aplicación da taxa mensual segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar.

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 33 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IMPREM.

Prezo da Praza: 66 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 106 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 126 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 139 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 160€.

## D) BONIFICACIÓN.

Sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicarase unha bonificación do 100% da taxa no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, segundo o establecido na Disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

*E) DESCONTOS.*

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto C), aplicarase o seguinte desconto:

Nenos/as pertencen a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrente no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificada documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data de presentación da declaración do IRPF.

2.- De conformidade co disposto no art. 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o presente acordo provisional, así como o texto da modificación, exporase ó público no taboleiro de anuncios durante o prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.- Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no BOP e comezarán a aplicarse con efecto retroactivo para o curso 2020/2021, dende a mensuralidade de setembro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

O devandito Anexo modifícase coa redacción que a continuación se recolle:

*“ANEXO  
TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL*

*A) PAGAMENTO*

1.- O pagamento das cotas, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

No caso de que ingreso se produza con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

2.- A falta de asistencia da crianza non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3.- O pago realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo ao formalizar a matrícula.

4.- A falta de pagamento de dúas mensuralidades consecutivas ou tres alternativas orixinará a perda do dereito á praza.



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

**B) BASE DE CÁLCULO**

Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultado de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para os efectos da presente regulación, enténdese por unidade familiar a formada polos proxenitores e:

i. Os/as fillos/as menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos/das pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

Para os efectos da presente regulación, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire máis arriba cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

**C) COTAS POR ASISTENCIA:****1.- Prezo atención educativa:**

O prezo pola atención educativa en xornada completa na gardería municipal fíxase en 169,26 € mensuais, segundo a Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das

escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, prezos regulados polo Decreto 49/2012, de 19 de enero, polo que se aproba o réxime de prezos de escolas infantís 0-3 dependentes de esta consellería.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reduciranse no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

## 2.- Horario ampliado:

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito e ningunha redución.

## 3.- Aplicación da taxa mensual segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar.

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IMPREM.

Prezo da Praza: 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IMPREM.

Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 169,26 €.

## D) DESCONTOS.

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a taxa que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencen a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

c) Cando asistan ao mesmo centro varias irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrente no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificada documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data de presentación da declaración do IRPF.

### *E) BONIFICACIÓN.*

Sobre a taxa que resulte de aplicar no disposto no punto anterior, aplicarase unha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso, das prazas ocupadas polo alumnado de 0-3 anos, segundo o establecido na ORDE da Consellería de Política Social e Xuventude, do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, e durante un máximo de 11 mensualidades por curso.

2.- De conformidade co disposto no art. 17.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o presente acordo provisional, así como o texto da modificación, exporase ó público no taboleiro de anuncios durante o prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.- Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no BOP e comezarán a aplicarse con efecto retroactivo para o curso 2022/2023, dende a mensuralidade de setembro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [www.mondarizbalneario.es](http://www.mondarizbalneario.es).

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.”



Xoves, 10 de novembro de 2022

Núm. 215

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:3YVVYDITB.JUBMJ48

